

INFORMACIÓN IMPORTANTE!!



Logo da publicación do novo Pacto de Contratacións, hai certas cuestións que se modificaron e que empezarán a funcionar coas listas que se actualicen a partir de outubro. Por este motivo é importante que as persoas inscritas ou que se vaian inscribir teñan en conta estes cambios e modifiquen as súas inscricións se así o consideran.

As persoas que así o desexen, teñen **ata o 31 de outubro** para adaptar as súas inscricións á normativa que recolle o novo pacto. Isto é:

- **Incompatibilidade listas pool e área especial:** As persoas aspirantes que, ao abeiro do Pacto de 26 de abril de 2011, figurasen admitidas en lista/s de área especial e curta duración poderán optar no prazo anteriormente indicado por unha destas opcións. Na falta de opción expresa, entenderase que solicitan o mantemento da inscrición na/s lista/s de área especial en que constan admitidas.

- **Elección de área para listas de ámbito autonómico.** As persoas aspirantes que, ao abeiro do Pacto de 26 de abril de 2011, figurasen admitidas nunha lista de ámbito autonómico, excepto a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, poderán ata o 31 de outubro próximo, seleccionar no formulario electrónico de inscrición (Fides/expedient-e) a área/s sanitaria de opción preferente para a prestación de servizos. Na falta de opción, entenderase que opta por calquera delas.

- **Promoción Interna.** Así mesmo, as persoas aspirantes que, ao abeiro do Pacto de 26 de abril de 2011, figurasen admitidas nunha lista, polo sistema de promoción profesional temporal, poderán modificar a área sanitaria de inscrición, seleccionando calquera das relacionadas no formulario electrónico de participación.

Para máis información, pasa polo local da CIG-Saúde

